

Adaptación da concreción curricular

En función do disposto na Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Claustro do CPI Mosteiro Meis para aclarar o citado no punto 8.2 apartados “b”, “c” e “d” sobre a **promoción** do alumnado de 1º, 2º e 3ºESO baseará as súas decisións nos seguintes aspectos:

- Natureza das materias, é dicir, se se trata de materias instrumentais (Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega)
- Porcentaxe de horas das materias suspensas con respecto ao horario lectivo
- Non ter abandonado algunha das materias, xa que eso suporía unha maior dificultade para poder superar a materia o curso seguinte.
- Non ter a mesma materia suspensa en máis dun curso.

En canto á **titulación**, ademais do disposto no apartado 10.2 da citada orde (ter aprobadas todas as materias) as decisións adoptadas referidas aos puntos 10.2b e 10.2c terán en conta os seguintes criterios, é dicir:

- Natureza das materias, é dicir, se se trata de materias instrumentais (Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega)
- Porcentaxe de horas das materias suspensas con respecto ao horario lectivo
- Non ter abandonado algunha das materias.
- Non ter a mesma materia suspensa en máis dun curso.